

# Subvencións 2026: Contratación indefinida de traballadores/as

2026-02-11

A Xunta de Galicia vén de publicar no *DOGA* as novas subvencións para a contratación indefinida inicial, así como para os incrementos de xornada en contratos indefinidos iniciais a tempo completo realizados *entre o 1 de outubro de 2025 e o 30 de setembro de 2026*.

Estas axudas buscan fomentar a contratación de persoas desempregadas pertencentes a colectivos con especiais dificultades de acceso ao mercado laboral.

---

## 1. Contías das axudas

As empresas poderán recibir unha subvención de:

**6.000 €**

Para a contratación de persoas desempregadas que sexan:

- Mozos/as menores de 30 anos
- Parados/as de longa duración
- Persoas de 52 anos ou máis
- Emigrantes retornados/as
- Persoas estranxeiras

**10.000 €**

Para contratacións de:

- Mulleres vítimas de violencia de xénero ou trata
- Mulleres con fillos/as menores de 3 anos (paradas de longa duración ou inactivas)
- Mulleres en ocupacións tradicionalmente masculinizadas

- Persoas con discapacidade
  - Persoas en risco de exclusión social
  - Persoas que rematasen certificados profesionais ou programas de emprego nos últimos 2 anos
- 

## **2. Requisitos principais**

### **Tipo de contrato**

- Debe ser indefinido a xornada completa
- Permítese xornada parcial só para persoas con discapacidade ou en risco de exclusión social

### **Duración mínima obrigatoria**

- A empresa debe manter a persoa contratada durante 36 meses
  - En caso de baixa, poderá ser substituída por outra persoa con características equivalentes
- 

## **3. Procedemento e prazos**

- As axudas concédense por orde de presentación
  - Tramítanse ata o esgotamento do orzamento
  - Desde Asesoría Bieito xestionaremos as solicitudes unha vez recibida toda a documentación necesaria, aínda que non podemos garantir a existencia de fondos no momento da presentación
-

## 4. Información personalizada para a súa empresa

A persoa responsable laboral da súa empresa contactará con vostedes para revisar se:

- Algún traballador/a que xa teñen contratado cumpre os requisitos
- Pode resultar interesante solicitar a subvención por un incremento de xornada

Se están valorando novas contratacións dalgún dos colectivos incentivados, recomendamos que se poñan en contacto connosco canto antes para:

- Confirmar a posible subvención
- Calcular os custos
- Informarlles da tramitación e dos honorarios correspondentes

Para calquera dúbida ou para iniciar unha nova solicitude, poden contactar connosco polos medios habituais.